

# UN COLEGIO QUE UNE, UNA TERAPIA OCUPACIONAL QUE AVANZA

## A COLLEGE THAT UNITES, AN OCCUPATIONAL THERAPY THAT MOVES FORWARD

### UN COLEXIO QUE UNE, UNHA TERAPIA OCUPACIONAL QUE AVANZA



**Mercedes Seoane Bouzas**

Presidenta Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Galicia (COTOGA)



**Sabela Gómez Villar**

Vicepresidenta Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Galicia (COTOGA)



**Andrea Caiña Dos Santos**

Secretaría Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Galicia (COTOGA)



**Raquel García López**

Tesorería Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Galicia (COTOGA)



**Sofía Puente Saavedra**

Vocalía de emprego Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Galicia (COTOGA)

La nueva candidatura del Colegio Profesional de Terapeutas Ocupacionales de Galicia (COTOGA), elegida en junio de 2025, inicia una etapa centrada en la cohesión profesional, la visibilidad social y la justicia ocupacional. Con un equipo diverso y comprometido, apuesta por una terapia ocupacional integradora, alineada con los Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS) y el enfoque One Health. Se promueve una atención centrada en la persona, conectada con el entorno natural y social gallego. La estrategia incluye presencia digital, alianzas institucionales y acción comunitaria descentralizada. Además, se prioriza el bienestar de las personas colegiadas, el reconocimiento profesional y la lucha contra la precariedad laboral. La terapia ocupacional gallega se proyecta como clave en la mejora de la calidad de vida y la equidad social.

The new board of the Professional College of Occupational Therapists of Galicia (COTOGA), elected in June 2025, launches a phase focused on professional cohesion, social visibility, and occupational justice. With a diverse and committed team, it promotes an inclusive occupational therapy, aligned with the Sustainable Development Goals (SDGs) and the One Health approach. The strategy emphasizes person-centered care, rooted in Galicia's natural and social environment. It includes digital presence, institutional alliances, and decentralized community action. The well-being of members, professional recognition, and the fight against job insecurity are key priorities. Galician occupational therapy emerges as essential to improving quality of life and social equity.

**DeCS** Terapia Ocupacional **MeSH** Occupational therapy  
**Palabras Clave** Colegio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Galicia (COTOGA) **Keyword** College of Occupational Therapists of Galicia

Texto recibido: 28/05/2025

Texto aceptado: 30/05/2025

Texto publicado: 30/05/2025

Derechos de persona autora



La nueva candidatura del Colegio Profesional de Terapeutas Ocupacionales de Galicia (COTOGA), elegida en junio de 2025, marca el inicio de una etapa ilusionante y comprometida. Formado por un equipo de profesionales de diferentes ámbitos de la terapia ocupacional, refuerza el papel del colegio como estructura de apoyo, representación e impulso de la profesión con el lema "Un colegio que une, una terapia ocupacional que avanza". Esta nueva etapa parte de la escucha activa a la colegiación y de la voluntad de construir una identidad común sólida, integradora y visible. Porque la terapia ocupacional gallega tiene mucho que decir, y queremos que se escuche.

Esta nueva candidatura recoge el legado de las anteriores etapas de COTOGA, especialmente el impulso de la junta que en 2022 firmaba el artículo "Participación, lucha y colectivo" en la revista TOG (A Coruña). Su apuesta por la cohesión, la pertenencia profesional y el fortalecimiento del colegio como entidad pública inspiró muchas



**COTOGA**  
COLEGIO OFICIAL  
DE TERAPEUTAS OCUPACIONALES  
DE GALICIA

de las acciones que ahora continuamos y renovamos <sup>(1)</sup>. “Queremos que os sintáis parte de este proyecto colegial, extrapolar el entusiasmo de colectividad, involucraros y que sintáis la pertenencia a un colectivo” <sup>(1)</sup>.

Cabe destacar también que tres de las personas que componen la actual junta formaron parte de la junta fundacional del COTOGA en el año 2017. Esta continuidad en el compromiso con el colegio representa un hilo conductor entre los inicios del proyecto y su presente, garantizando una transmisión de valores, memoria institucional y visión a largo plazo. Además, se incorporan dos personas nuevas, llenas de motivación y con ideas frescas, que aportan una mirada renovada y actual, reforzando aún más el proyecto y asegurando su evolución en un contexto intergeneracional.

El logotipo que acompaña al COTOGA desde sus inicios representa mucho más que una imagen gráfica: es una expresión visual de nuestra identidad profesional. El conjunto de personas unidas en su centro simboliza la fuerza del colectivo, el trabajo colaborativo y el apoyo mutuo. Los colores azul y blanco conectan directamente con la bandera gallega. El diseño circular e interconectado evoca también la simbología celta, tan arraigada en nuestra tierra, donde los círculos y nudos representan la interdependencia, la continuidad y la fuerza de la comunidad. Esta conexión simbólica habla de una profesión que pone en el centro a la persona, las relaciones y la pertenencia. Construir una buena imagen pública implica proyección, unidad y reconocimiento. El logotipo es uno de los vehículos que nos ayuda a llegar a la sociedad, a transmitir quiénes somos y lo que aportamos. Por ello, visibilizar la terapia ocupacional también es dar valor a nuestros símbolos, nuestras raíces y nuestra capacidad de hacer comunidad desde la profesionalidad.

Así, nuestra estrategia de visibilidad se estructura en cuatro ejes fundamentales: visibilidad social y digital, presencia institucional, alianzas y colaboraciones, y acción comunitaria descentralizada. Apostamos por una presencia activa en las redes sociales, campañas audiovisuales, una web dinámica y recursos accesibles. Promovemos el diálogo constante con las administraciones públicas y la participación en foros interdisciplinares para situar a la terapia ocupacional en los planes de salud, educación y servicios sociales, entre otros.

Reforzamos los vínculos con entidades educativas, sociales y culturales, y apoyamos proyectos liderados por colegiadas y colegiados de todo el territorio. Las visitas a centros en áreas no urbanas y la descentralización real de la actividad del colegio son prioridades para garantizar la participación de todas las personas.

El trabajo de la nueva junta directiva también se orienta desde una perspectiva amplia y transformadora de la terapia ocupacional, alineada con los valores de la justicia ocupacional <sup>(2)</sup> y los Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS) <sup>(3)</sup>. Apostamos por una profesión que no solo interviene a nivel individual, sino que tiene un papel clave en la lucha contra las desigualdades, en la promoción de la equidad y en la defensa del derecho de las personas a participar en ocupaciones significativas.

Queremos incorporar al discurso profesional el enfoque One Health <sup>(4)</sup>, que entiende la salud como una interacción entre los seres humanos, los animales y el medio ambiente. La terapia ocupacional, desde su visión integradora, puede y debe formar parte de este enfoque global, contribuyendo a modelos de intervención más sostenibles, colaborativos e inclusivos. En este contexto, proponemos avanzar hacia una prescripción ocupacional reconocida, basada en la evidencia, centrada en la persona e integrada en los sistemas de salud. Un modelo que ponga en valor nuestra capacidad de mejorar vidas a través de la participación, la actividad con sentido y la conexión con el entorno.

Galicia es una tierra rica en recursos naturales, entornos verdes, costa, ríos y espacios de vida que conectan directamente con la salud y el bienestar. Las llamadas zonas azules, aquellos lugares del mundo donde las personas viven más y mejor, nos inspiran para poner en valor los estilos de vida activos, la alimentación, el vínculo social y la relación con el medio. Creemos que Galicia puede y debe ser también una referencia en salud ocupacional. La terapia ocupacional tiene la capacidad de acompañar procesos de salud que integren el entorno, que promuevan el contacto con la naturaleza, los espacios públicos accesibles y las actividades significativas. Desde COTOGA, apostamos por un modelo de atención centrado en las personas, conectado con el territorio y que reconozca el impacto positivo que tienen los buenos hábitats en la salud física, mental y social. Porque hablar de salud ocupacional en Galicia es también hablar de caminos, aldeas, ciudades, playas, huertas, parques, naturaleza, mar, balnearios, fuentes, mercados, gastronomía, fiestas, música, mar, familia, amistad y comunidad. Y todo eso también forma parte de nuestra intervención como terapeutas ocupacionales.



Además de ser un servicio para las personas colegiadas, el COTOGA debe cumplir una función social esencial: visibilizar el papel de la terapia ocupacional en la salud de la población gallega. El colegio tiene el deber de dar a conocer cómo nuestra profesión contribuye a mejorar la calidad de vida de las personas, promover su autonomía y garantizar su participación activa en la sociedad. Pero no podemos olvidar que también somos una comunidad profesional, y como tal, debemos cuidar la salud, el bienestar y las condiciones laborales de las personas colegiadas. La lucha contra la precariedad, el reconocimiento profesional y el acompañamiento emocional deben formar parte de nuestro compromiso como colegio. Para todo esto, resulta fundamental construir una buena imagen pública de la terapia ocupacional, proyectar una identidad clara y accesible, y reforzar nuestra presencia dentro de la comunidad gallega. La visibilidad profesional no es un fin en sí mismo, sino una herramienta para conseguir mayor reconocimiento, recursos y oportunidades para quienes ejercen esta profesión y para las personas con quienes la compartimos día a día.

Finalmente, queremos dedicar este artículo a todas las personas que compartieron, comparten y compartirán la terapia ocupacional, a quienes la hicieron crecer, a quienes la sostienen día a día y a quienes sueñan con nuevos caminos posibles, porque la terapia ocupacional promueve una Galicia más participativa, más sostenible, más inclusiva, más accesible, más justa, más humana y más sana.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

1. COTOGA. Participación, loita e colectivo. TOG (A Coruña). 2022;(9):3-5.
2. Townsend E, Wilcock AA. Occupational justice. En: Creek J, ed. Contemporary Occupational Therapy. London: Churchill Livingstone; 2010. p. 81-96.
3. Naciones Unidas. Objetivos de Desarrollo Sostenible [Internet]. Nueva York: ONU; 2015. Disponible en: <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/>
4. World Health Organization. One Health [Internet]. Geneva: WHO; 2023 [cited 2025 Jun 28]. Available from: <https://www.who.int/initiatives/one-health>

## VERSION EN GALLEGO DE LA EDITORIAL/GALICIAN VERSION OF THE EDITORIAL/VERSIÓN EN GALEGO DA EDITORIAL

A nova candidatura do Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Galicia (COTOGA), escollida en xuño de 2025, marca o inicio dunha etapa ilusionante e comprometida. Formado por un equipo de profesionais de diferentes ámbitos da terapia ocupacional reforza o papel do colexio como estrutura de apoio, representación e impulso da profesión co lema "Un colexio que une, unha terapia ocupacional que avanza", esta nova etapa parte da escoita activa á colexiación e da vontade de construír unha identidade común sólida, integradora e visible. Porque a terapia ocupacional galega ten moito que dicir, e queremos que se escoite.

Esta nova candidatura recolle o legado das anteriores etapas de COTOGA, especialmente o impulso da xunta que en 2022 asinaba o artigo "Participación, loita e colectivo" na revista TOG. A súa aposta pola cohesión, a pertenza profesional e o fortalecemento do colexio como entidade pública inspirou moitas das accións que agora continuamos e renovamos <sup>(1)</sup>. "Queremos que vos sintades parte deste proxecto colexial, extrapolar o entusiasmo de colectividade, involucrarvos e que sintades a pertenza a un colectivo"<sup>(1)</sup>.

Cómpre salientar tamén, que tres das persoas que compoñen a actual xunta formaron parte da xunta fundacional do COTOGA no ano 2017. Esta continuidade no compromiso co colexio representa un fío condutor entre os inicios do proxecto e o seu presente, garantindo unha transmisión de valores, memoria institucional e visión a longo prazo. A maiores incorpóranse dúas persoas novas, cheas de motivación e con ideas frescas, que achegan unha mirada renovada e actual, reforzando aínda máis o proxecto e asegurando a súa evolución nun contexto interxeneracional.

O logotipo que segue desde os inicios do COTOGA representa moito máis ca unha imaxe gráfica: é unha expresión visual da nosa identidade profesional. O conxunto de persoas unidas no seu centro simboliza a forza do colectivo, o traballo colaborativo e o apoio mutuo. Os cores azul e branco conectan directamente coa bandeira galega. O deseño circular e interconectado evoca tamén a simboloxía celta, tan arraigada na nosa terra, onde os círculos e nós representan a interdependencia, a continuidade e a forza da comunidade. Esta conexión simbólica fala dunha profesión que pon no centro á persoa, ás relacións e á pertenza. Construír unha boa imaxe pública implica proxección, unidade e recoñecemento. O logotipo é un dos vehículos que nos axuda a chegar á sociedade, a



transmitir quen somos e o que aportamos. Por iso, visibilizar a terapia ocupacional tamén é dar valor aos nosos símbolos, ás nosas raíces e á nosa capacidade de facer comunidade desde a profesionalidade.

Así a nosa estratexia de visibilidade estrutúrase en catro eixes fundamentais: visibilidade social e dixital, presenza institucional, alianzas e colaboracións, e acción comunitaria descentralizada. Apostamos por unha presenza activa nas redes sociais, campañas audiovisuais, unha web dinámica e recursos accesibles. Promovemos o diálogo constante coas administracións públicas e a participación en foros interdisciplinares para situar á terapia ocupacional nos plans de saúde, educación e servizos sociais entre outros.

Reforzamos os vínculos con entidades educativas, sociais e culturais, e apoiamos proxectos liderados por colexiadas e colexiados de todo o territorio. As visitas a centros en áreas non urbanas e a descentralización real da actividade do colexio son prioridades para garantir a participación de todas as persoas.

O traballo da nova xunta directiva tamén se orienta desde unha perspectiva ampla e transformadora da terapia ocupacional, aliñada cos valores da xustiza ocupacional<sup>(2)</sup> e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)<sup>(3)</sup>. Apostamos por unha profesión que non só intervéna a nivel individual, senón que ten un papel clave na loita contra as desigualdades, na promoción da equidade e na defensa do dereito das persoas a participar en ocupacións significativas.

Queremos incorporar ao discurso profesional o enfoque One Health<sup>(4)</sup>, que entende a saúde como unha interacción entre os seres humanos, os animais e o medio ambiente. A terapia ocupacional, desde a súa visión integradora, pode e debe formar parte deste enfoque global, contribuíndo a modelos de intervención máis sustentables, colaborativos e inclusivos. Neste contexto, propoñemos avanzar cara a unha prescrición ocupacional recoñecida, baseada na evidencia, centrada na persoa e integrada nos sistemas de saúde. Un modelo que poña en valor a nosa capacidade de mellorar vidas a través da participación, da actividade con sentido e da conexión co contorno.

Galicia é unha terra rica en recursos naturais, contornos verdes, costa, ríos e espazos de vida que conectan directamente coa saúde e o benestar. As chamadas zonas azuis, aqueles lugares do mundo onde as persoas viven máis e mellor, inspíranos para poñer en valor os estilos de vida activos, a alimentación, o vínculo social e a relación co medio. Cremos que Galicia pode e debe ser unha referencia tamén en saúde ocupacional. A terapia ocupacional ten a capacidade de acompañar procesos de saúde que integren o entorno, que promovan o contacto coa natureza, os espazos públicos accesibles e as actividades significativas. Desde COTOGA, apostamos por un modelo de atención centrado nas persoas, conectado co territorio e que recoñeza o impacto positivo que teñen os bos hábitats na saúde física, mental e social. Porque falar de saúde ocupacional en Galicia é tamén falar de camiños, aldeas, cidades, praias, hortas, parques, natureza, mar, balnearios, fontes, mercados, gastronomía, festas, música, mar, familia, amizade e comunidade. E todo iso tamén forma parte da nosa intervención como terapeutas ocupacionais.

Ademais, de ser un servizo para as persoas colexiadas, o COTOGA debe cumprir unha función social esencial: visibilizar o papel da terapia ocupacional na saúde da poboación galega. O colexio ten o deber de dar a coñecer como a nosa profesión contribúe a mellorar a calidade de vida das persoas, promover a súa autonomía e garantir a súa participación activa na sociedade. Pero non podemos esquecer que tamén somos unha comunidade profesional, e como tal, debemos coidar a saúde, o benestar e as condicións laborais das persoas colexiadas. A loita contra a precariedade, o recoñecemento profesional e o acompañamento emocional deben formar parte do noso compromiso como colexio. Para todo isto, resulta fundamental construír unha boa imaxe pública da terapia ocupacional, proxectar unha identidade clara e accesible, e reforzar a nosa presenza dentro da comunidade galega. A visibilidade profesional non é un fin en si mesmo, senón unha ferramenta para conseguir maior recoñecemento, recursos e oportunidades para quen exercen esta profesión e para as persoas con quen a compartimos día a día.

Finalmente queremos dedicar este artigo para todas as persoas que compartiron, comparten e compartirán a terapia ocupacional, para quen a fixeron medrar, para quen a sosteñen día a día e para quen soñan con novos camiños posibles, porque a terapia ocupacional promove unha Galicia máis participativa, máis sostible, máis inclusiva, máis accesible, máis xusta, máis humana e máis sana

Derechos de persona autora



**COTOGA**  
COLEGIO OFICIAL  
DE TERAPEUTAS OCUPACIONALES  
DE GALICIA